



ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES. PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas e trece minutos do día 7 de decembro de 2016 reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para a contratación das obras das gradas cubertas no campo de fútbol do Milladoiro.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Dona María del Carmen Crespo Doldán, interventora accidental da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.
- **Secretaria:** María Lara Pedrosa Rodríguez, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de data 17 de novembro de 2016, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa Excavaciones Ovidio SL que ofertou unha baixa dun 35,00% estaba incurso en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á empresa Excavaciones Ovidio SL concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificara diante da mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada pola empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa pola empresa requirida douselle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da documentación presentada por Excavaciones Ovidio SL.

A técnica do Concello emite un informe que transcrito literalmente dí:

INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA EXCAVACIONES OVIDIO, S.L, RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN: FACTOR PREZO, DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun orzamento de licitación máis IVE de 68.768,93€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 56.040,45 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, a 53.998,67€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 48.598,81€, que supón un 29,33% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

EXCAVACIONES OVIDIO, S.L: 44.699,80 € [35.00% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A documentación que achega a empresa consta de:

- Declaración de que a empresa dispón de toda a maquinaria necesaria para a boa execución da obra
- Declaración de volume de obra contratada.
- Xustificación de prezos ofertados
- Relación nominal de traballadores


Avaliación da documentación aportada:

Do exame da documentación aportada, compróbase que a empresa basea a viabilidade da oferta presentada nunha afirmación xenérica de que dispón de todos os materiais necesarios cunha baixa do 36% gracias a súa boa relación cos provedores, tamén en que dispón de toda a maquinaria necesaria e de tres traballadores en plantilla. Non se xustifica mediante compromiso das empresas subministradoras nin de outro medio, que a empresa dispón de todos os materiais cunha baixa do 36% e salvo os traballadores en plantilla, tampouco xustifican a maquinaria que teñen.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que os argumentos aducidos por esta consisten en afirmacións xenéricas, non xustificadas adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable.

Considerando que a empresa Excavaciones Ovidio SL non xustificou a baixa temeraria na que incorrera e polo tanto debe ser excluída da licitación, procédese (de acordo co programa de valoración de ofertas da Excm. Diputación) a deixar constancia da puntuación correspondente ás ofertas económicas das demais empresas presentadas, ó procedemento, e que xa non están incursas en situación de baixa temeraria, segundo consta na acta levantada ó efecto da reunión da mesa de contratación do día 17 de novembro, obténdose a seguinte clasificación por orde decrecente de puntuación:



Tipo de licitación con IVE: 68.768,93.- Euros


LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
CETA CONTRATAS SL	50.263,32	33,62
SYR-AMG SLU	51.390,93	32,12
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	52.615,11	30,50
GALOPÍN PLAYGROUNDS SL	52.943,34	30,06
JARDINERÍA ARCE SL	53.433,57	29,41
JARDINCELAS SL	53.518,86	29,30
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	53.605,38	29,18
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	54.654,85	27,79
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL	54.671,30	27,77
HPC IBÉRICA SA	55.004,71	27,32
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	56.749,00	24,56
BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	56.920,88	24,22
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	56.961,42	24,14
ALVAC SA	57.233,00	23,61
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	59.313,32	19,53
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	65.186,20	8,02
COVIASSTEC SL	66.834,69	4,79
GR COSNTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	68.768,81	1,00


A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa Excavaciones Ovidio SL por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreu coa súa proposta económica.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adjudicación da realización das obras do parque infantil no entorno da Travesía do Porto. Milladoiro-Ames á empresa **CETA CONTRATAS SL** con CIF B-70342746 no prezo de corenta e un mil cincocentos trinta e nove euros e noventa e tres céntimos (**41.539,93.- Euros**), máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de oito mil setecentos vinte e tres euros e trinta e nove céntimos (**8.723,39.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adjudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.





PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da
Deputación da Coruña co
Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de Santiago
de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo Ningún archivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas en contratos/concursos

OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas temerarias)	Limite Oferta Temeraria				
68,768.93 €		40 puntos	56,040.45 €	53,998.67 €	48,598.81 €				
ID Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Mostra	Total	
1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	52,615.11	23.49	1.00	29.50	Non	Non	30.50	
2	ALVAC SA	57,233.00	16.77	1.00	22.61	Non	Non	23.61	
3	HPC IBÉRICA SA	55,004.71	20.02	1.00	26.32	Non	Non	27.32	
4	BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL	56,920.88	17.23	1.00	23.22	Non	Non	24.22	
5	SYR-AMG SLU	51,390.93	25.27	1.00	31.12	Non	Non	32.12	
6	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	68,768.81	0.00	1.00	0.00	Non	Si	1.00	
7	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	56,749.00	17.48	1.00	23.56	Non	Non	24.56	
8	CETA CONTRATAS SL	50,263.32	26.91	1.00	32.62	Non	Non	33.62	
9	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	59,313.32	13.75	1.00	18.53	Non	Non	19.53	
10	COVIASSTEC SL	66,834.69	2.81	1.00	3.79	Non	Si	4.79	
11	GALOPÍN PLAYGROUNDS SL	52,943.34	23.01	1.00	29.06	Non	Non	30.06	
12	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	53,605.38	22.05	1.00	28.18	Non	Non	29.18	
13	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	65,186.20	5.21	1.00	7.02	Non	Si	8.02	
14	JARDINCELAS SL	53,518.86	22.18	1.00	28.30	Non	Non	29.30	
15	EXCAVACIONES OVIDIO SL	44,699.80	35.00	1.00	40.00	Si	Non	41.00	

16	TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	56,961.42	17.17	1.00	23.14	Non	Non	24.14
17	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	54,654.85	20.52	1.00	26.79	Non	Non	27.79
18	JARDINERÍA ARCE SL	53,433.57	22.30	1.00	28.41	Non	Non	29.41
19	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL	54,671.30	20.50	1.00	26.77	Non	Non	27.77

Imprimir

